



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

BANDO

AXUDA MUNICIPAL PARA O USO DO COMEDOR ESCOLAR DO CPI MANUEL PADÍN TRUITEIRO PARA O CURSO 2011/2012

BENEFICIARIOS/AS:

Ser pai, nai ou titor dun/dunha alumno/a matriculado no curso 2011/2012 do CPI Manuel Padín Truiteiro.

-Que o/a solicitante das axudas e o alumno/a convivan e estén empadroados no Concello de Soutomaior.

-Non ter débedas con ningunha entidade pública.

-Cumprir o baremo económico recollido na Base V (ingresos da unidade familiar).

DOCUMENTACION A PRESENTAR NOS SERVIZOS SOCIAIS XUNTO COA SOLICITUDE DO 1 Ó 30 DE SETEMBRO:

1. Fotocopia de DNI dos membros da unidade familiar.
2. Certificado de convivencia da unidade familiar.
3. Fotocopia do libro de familia e, no seu caso, do libro de familia numerosa.
4. No caso de alegar non convivencia da parella, é dicir, de ser familia monoparental e de que o/a menor este recoñecido/a legalmente por ámbolos pais e non exista matrimonio, aportarse certificado de non convivencia emitido pola policía local.
5. En caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador, así como xustificantes bancarios das aportacións por alimentos e/ou compensatorias ou no seu defecto, denuncia por incumprimento da sentenza.
6. En caso de que as/os menores estén en situación de acollemento por resolución administrativa ou auto xudicial, se deberá acreditar mediante copia do certificado do organismo competente e, si é o caso, a cuantía da remuneración.
7. Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercizo 2010 de todos os membros computables da familia con obrigaón de declarar.
8. Documentación que xustifique os ingresos do presente ano de todos aqueles membros da unidade familiar que perciban rendas do traballo, pensións, etc. No caso de ser pensionistas ou desempregados/as, achegarase certificado do organismo correspondente. No caso de ser autónomo deberá presentar as declaracións trimestrais ao longo do ano.
9. Vida laboral daqueles que formen a unidade familiar, que aleguen estar desempregados e as/os beneficiarios/as dunha pensión de viudez ou de invalidez total.
10. Certificado de prestación por fillo a cargo, de selo caso.
11. Xustificante de aluguer ou préstamo hipotecario, de selo caso.
12. Xustificante da matrícula no CPI M. Padin Truiteiro, do/a alumno/a para o que se solicita a subvención.



Soutomaior, a 1 de setembro de 2011

O Alcalde,

Agustín Reguera Ocampo